

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11108Y	<i>Expediente</i> CON/26/2016	<i>Fecha</i> 27-01-17 14:07

Número 61.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 2017, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 61 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS NOVOS PARA RENOVACIÓN DA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS DO PARQUE DE GALERAS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 16 de xaneiro de 2017, do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Así mesmo, do informe favorable da Interventora, nº 2017/22 de data 26.01.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia, e presidente da mesa de contratación da licitación "Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG11108Y	CON/26/2016	27-01-17 14:07

Primeiro: Con data 20 de decembro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador LAPPSET ESPAÑA VR SL.

Segundo: Con data 12 de xaneiro de 2017 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polos seguintes licitadores:

. CONTENUR SL e HAGS SWELEK SA, por non presentar debidamente asinada a súa documentación incumprindo o taxativo requerimento do prego que sinala:

"Será motivo de exclusión da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".

. NOVATILU SLU, xa que a súa proposta de execución non se adapta o espazo delimitado predefinido no prego técnico.

. MOYCOSA SA, HPC IBERICA SA, SPORT EQUIPALIA SL, JARDINERIA ARCE SL, VIGALCO SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SLU, OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL e GALOPIN PLAYGROUNDS SL por non acreditar o cumprimento da normativa requerida, de acordo co esixido no prego técnico de aplicación que no seu punto 5 relativo ós xogos infantís establece que "os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001".

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG11108Y	CON/26/2016	27-01-17 14:07

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa LAPPSET ESPAÑA VR SL (CIF: B60961554), por un importe de **61.274 euros** (IVE aparte 21%: 12.867,54 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un incremento de tres anos tanto no servizo de mantemento como no período de garantía, sobre o mínimo fixado no prego de aplicación.

Desígnase como responsable do contrato a D. Gregorio López Albardonedo, xefe do departamento de parques e xardíns.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 17100 61900**, de obrigada incorporación ó orzamento por corresponder a gasto de financiación afectada."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polos seguintes licitadores:

. CONTENUR SL e HACS SWELEK SA, por non presentar debidamente asinada a súa documentación incumprindo o taxativo requerimento do prego que sinala:

"Será motivo de exclusión da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".

. NOVATILU SLU, xa que a súa proposta de execución non se adapta o espazo delimitado predefinido no prego técnico.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG11I08Y	CON/26/2016	27-01-17 14:07

MOYCOSA SA, HPC IBERICA SA, SPORT EQUIPALIA SL, JARDINERIA ARCE SL, VIGALCO SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SLU, OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL e GALOPIN PLAYGROUNDS SL por non acreditar o cumprimento da normativa requerida, de acordo co esixido no prego técnico de aplicación que no seu punto 5 relativo ós xogos infantís establece que "os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001".

Segundo: Adxudicar o contrato de "Subministro e instalación de elementos novos para renovación da área de xogos infantís do parque de Galeras", a favor da empresa LAPPSET ESPAÑA VR SL (CIF: B60961554), por un importe de 61.274 euros, (IVE aparte 21%: 12.867,54 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un incremento de tres anos tanto no servizo de mantemento como no período de garantía, sobre o mínimo fixado no prego de aplicación.

Designase como responsable do contrato a D. Gregorio López Albardonedo, xefe do departamento de Parques e Xardíns.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 17100 61900, de obrigada incorporación ao orzamento por corresponder a gasto de financiación afectada.

A adxudicación deberá quedar condicionada á incorporación dos remanentes de crédito que financian as obras, incorporación de carácter obrigatoria ao tenor do disposto no artigo 182.3 do TRLRFL, á vista do carácter afectado dos créditos que financian o gasto, de conformidade co disposto no apartado terceiro do devandito informe da Interventora.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

CONCELLO DE
SANTIAGO